



**CERTIFICADO**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
2310/2020	Xunta de Goberno Local (JGL/2021/4)

**Nuria Lobato del Río, EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO,  
CERTIFICA:**

Que, na sesión desenvolvida o 15 de Marzo de 2021 se adoptou o seguinte acordo:

**A.3.1.- Proposta da alcaldía de aprobación do expediente de contratación da obra rexeneración do entorno da igrexa de Ermelo - Fase II por procedemento aberto simplificado e pluralidade de criterios.**

Pola presidencia dáse conta da proposta da alcaldía de referencia, que de xeito literal di:

“

<i>Expediente</i>	<i>2310/2020-Código SIA:1429768 Relacionado co expdt. 1030/2020 Subvención Plan Concellos 2020 e 1716/2016 Obra rexeneración entorno Igrexa de Ermelo Fase I</i>
<i>Procedemento</i>	<i>Contratacións</i>
<i>Asunto</i>	<i>OBRA. SIMPLIFICADO - REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II. Financiada ao 100 % pola Deputación provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2020. LIÑA 1</i>
<i>Unidade Xestora</i>	<i>Secretaría</i>
<i>Documento</i>	<i>Proposta de alcaldía</i>
<i>Trámite</i>	<i>Aprobación do expediente de contratación</i>

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Antecedentes

1. No proxecto técnico denominado “ FASE II DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” asinado polo arquitecto técnico do concello en data 03.04.2020, Alfredo de la Campa Fervenza se definen as características técnicas desta actuación. O citado proxecto foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0552 de data 06.05.2020 (CSV: 6TGSJ2GM7PTHZNCLXSZ7JNKAE) e incorporado ao Libro electrónico de proxectos de obra pública aprobados baixo o número 2020-0003.





## Concello de Bueu

Consta incorporada ao expediente acta de trazado previo asinada polo arquitecto técnico do concello, entre outros, en data 06.05.2020 na que fai constar a realidade xeométrica das obras proxectadas así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.

2. En data 05.03.2021 emítase informe polo Concelleiro delegado de área de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas en data 05.03.2021 nos termos que resultan da resolución de alcaldía núm. 926/2019, de 28.6.2019 ( BOP num.130 do 09.07.19) modificadas na resolución de alcaldía núm. 969/2019 de 03.07.2019 (BOP.PO núm.133 de 12.07.2019) e núm. 728/2020 de 05.06.2020 (BOP.PO núm.115 de 17.06.2020), que sinala o ámbito funcional de dita concellería, en materia, entre outras, de infraestruturas públicas, xustificativo da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación no que se dispón que:

*“O presente proxecto ten por finalidade rexenerar a zona baixa do entorno da Igrexa, o camiño polo que se accede a Fonte, e a parte alta que comprende o resto do tramo do camiño que vai dende a entrada que da acceso o recinto da igrexa ata o cruce co camiño polo que se accede a Esculca, nun contexto de revalorización do entorno da Igrexa -auténtico corazón do núcleo histórico tradicional, á promoción do Concello de Bueu.*

*En definitiva, o proxecto de rexeneración ten como fin actuar sobre as causas xerais e os factores específicos que a día de hoxe impiden o desenvolvemento sostible e respectuoso do núcleo, mellorando á un tempo as condicións medioambientais e a calidade de vida dos seus habitantes, indagando e indo máis alá na posta en valor da historia do entorno.”*

O devandito informe emítase en cumprimento da esixencia contida no artigo 28 en relación co artigo 116 ambos da LCSP

3. O investimento conta co financiamento ao 100% da Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2020 (PLAN CONCELLOS 2020, LIÑA 1), en virtude das bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en sesión de 29 de novembro de 2019 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra num.1 de 02.01.2020). Neste senso consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación provincial en sesión ordinaria celebrada o día 17.07.2020, en relación á concesión de subvención ó Concello de Bueu ó abeiro do Plan Concellos 2020 correspondente á Liña 1: “PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” (Acordo sinalado co núm. 19.29166/ ref. Expediente 2020020781), (RE num. 2020-E-RC-3043 de 22.07.2020) polo importe que de seguido se relaciona:

“.../...

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2020	133.778,39	133.778,39	0,00

4.- Consta efectuada retención de crédito mediante documento contable RC num. 2021000405 asinado polo Interventor do concello en data 26.01.2021 por importe de





## Concello de Bueu

133.778,39 € con cargo á aplicación orzamentaria núm.2020 / 0 / 1532 / 61903 / 01 do orzamento vixente para o 2021.

5.- En data 05.03.2021 dítase a Resolución de alcaldía núm.2021-0256 relativa á incoación do expediente de contratación da obra. Na citada resolución se ordena a incorporación dos documentos acreditativos das actuacións previas á contratación, ordenando a emisión dos preceptivos informes por parte da Secretaria e do Interventor axuntando os pregos de cláusulas administrativas asinados en data 05.03.2021 (CSV: 3RMZEWYS5XYX596WXH224JQDW).

6.- En data 08.03.2021 emítase informe preceptivo por parte da Secretaria do concello, núm.2021-0017 previo á aprobación do expediente de contratación.

7.- Consta informe de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación emitido por parte do Interventor do concello en data 09.03.2021 baixo o número 2021-0030.

8.- Consta incorporado informe complementario ao Proxecto suscrito polo arquitecto técnico do concello, redactor do proxecto, D. Alfredo de la Campa Ferverza, en data 10.03.2021 subsanando deficiencias do proxecto advertidas nos informes relacionados anteriormente.

Tendo en conta os antecedentes de feito detallados ao longo da presente proposta, en aplicación do disposto nos arts. 116,117,131 e 146 seguintes da LCSP respecto á elección e tramitación do procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación emitido por parte do Interventor do concello en data 09.03.2021 baixo o número 2021-0030 e no que se sinala a dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente nos termos esixidos no apartado 3º do art. 116 da LCSP.

Tendo en conta, a delegación das atribucións da alcaldía en Xunta de Goberno Local en materia de contratación que resulta da resolución de alcaldía núm. 2019-0925 de 28.06.2019 (BOP núm. 130 de 09.07.2019) e considerando a competencia do órgano de contratación tendo en conta o disposto na DA 2ª da LCSP, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo **PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II e o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de Bueu en base á natureza e extensión de ditas necesidades, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados no informe asinado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo Vivenda e Infraestruturas Públicas, D. Martín Villanueva Pastoriza, en data 05.03.2021.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación de obra REXENERACIÓN DO





## Concello de Bueu

ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, co seguinte valor estimado:

Valor estimado	IVE (21%)	Presuposto base licitación	Financiación
110.560,65€	23.217,74 €	133.778,39 €	Externa-Diputación provincial de Pontevedra (100%)  <b>DATOS CONVOCATORIA:</b> Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2020 ( Plan Concellos 2020) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 1 de 02.01.2020  <b>DATOS RESOLUCIÓN CONCESIÓN:</b> acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación provincial en sesión ordinaria celebrada o día 17.07.2020, en relación á concesión de subvención ó Concello de Bueu ó abeiro do Plan Concellos 2020 correspondente á Liña 1: "PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" (Acordo sinalado co núm. 19.29166/ ref. Expediente 2020020781), (RE num. 2020-E-RC-3043 de 22.07.2020) por importe de 133.778,39 ( 100% do orzamento do proxecto)

**TERCEIRO.-** Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 133.778,39 € euros IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 2021 / 0 / 1532 / 61903 / 01 do orzamento vixente para o 2021.

**CUARTO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) subscritos pola alcaldía o 10.02.2021, ordenando a rectificación do erro material advertido no





## Concello de Bueu

apartado. 1.2 do CCP Anexo I do PCAP en canto se sinala "...en el informe de 13.07.2020 de necesidade..." debe dicir " en el informe de 05.03.2021 de necesidade..." e dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o proxecto técnico denominado " FASE II DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" asinado polo arquitecto técnico do concello en data 03.04.2020 aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0552 de data 06.05.2020, a exposición pública, ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Bueu na Plataforma de contratación do Estado (acceso a través do enlace habilitado ao efecto no portal da web municipal), no taboleiro electrónico de anuncios (acceso directo dende a sede electrónica do concello (<http://bueu.sedelectronica.gal>)).

**QUINTO.-** Nomear responsable do contrato e director de obra, ao Arquitecto técnico municipal, D. Alfredo de la Campa Fervenza, a quen corresponderá, entre outras, supervisar a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar o mesmo de acordo coas facultades previstas na cláusula 3ª dos PCAP."

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Logo do anterior, e considerando as atribucións en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local mediante resolución da alcaldía núm. 2019-0925 de 28.06.2019 (BOP núm. 130 de 09.07.2019), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes con dereito a voto, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II e o cumprimento e realización dos fins institucionais do Concello de Bueu en base á natureza e extensión de ditas necesidades, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, nos termos sinalados no informe asinado polo Concelleiro Delegado de Urbanismo Vivenda e Infraestruturas Públicas, D. Martín Villanueva Pastoriza, en data 05.03.2021.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación de obra REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, co seguinte valor estimado:

Valor estimado	IVE (21%)	Presuposto base licitación	Financiación
110.560,65€	23.217,74 €	133.778,39 €	Externa-Diputación provincial de Pontevedra (100%)





## Concello de Bueu

			<p><b>DATOS CONVOCATORIA:</b> Bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2020 ( Plan Concellos 2020) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 1 de 02.01.2020)</p> <p><b>DATOS RESOLUCIÓN CONCESIÓN:</b> acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación provincial en sesión ordinaria celebrada o día 17.07.2020, en relación á concesión de subvención ó Concello de Bueu ó abeiro do Plan Concellos 2020 correspondente á Liña 1: "PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" (Acordo sinalado co núm. 19.29166/ ref. Expediente 2020020781), (RE num. 2020-E-RC-3043 de 22.07.2020) por importe de 133.778,39 ( 100% do orzamento do proxecto)</p>
--	--	--	--

**TERCEIRO.-** Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 133.778,39 € euros IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 2021 / 0 / 1532 / 61903 / 01 do orzamento vixente para o 2021.

**CUARTO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) subscritos pola alcaldía o 10.02.2021, ordenando a rectificación do erro material advertido no apartado. I.2 do CCP Anexo I do PCAP en canto se sinala "...en el informe de 13.07.2020 de necesidade..." debe dicir " en el informe de 05.03.2021 de necesidade..." e dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación con pluralidade de criterios de adjudicación e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o proxecto técnico denominado " FASE II DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" asinado





## Concello de Bueu

polo arquitecto técnico do concello en data 03.04.2020 aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0552 de data 06.05.2020, a exposición pública, ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Bueu na Plataforma de contratación do Estado (acceso a través do enlace habilitado ao efecto no portal da web municipal), no taboleiro electrónico de anuncios (acceso directo dende a sede electrónica do concello (<http://bueu.sedelectronica.gal>)).

**QUINTO.-** Nomear responsable do contrato e director de obra, ao Arquitecto técnico municipal, D. Alfredo de la Campa Fervenza, a quen corresponderá, entre outras, supervisar a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar o mesmo de acordo coas facultades previstas na cláusula 3ª dos PCAP.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 9CRG6EN4ANST7D3CDXP-GQEFY4 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.